



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

BASES PARA CUBRIR COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, UNHA PRAZA DE AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO DO CONCELLO DE FOZ.

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

A presente convocatoria ten por obxecto a cobertura dunha praza de auxiliar de axuda a domicilio ó servizo do concello de Foz.

A contratación, conforme ao establecido no artigo 15 do Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, levarase a cabo por medio de contrato laboral temporal por acumulación de tarefas no servizo de axuda a domicilio municipal, dado que considerando os servizos sociais de base como un dos servizos esenciais da administración municipal, a necesidade inaprazable que xurde polo aumento de usuarios solicitantes dado o envellecemento da poboación ao que hai que unir a diminución do persoal municipal nesta área pola xubilación dunha das traballadoras que viña prestando servizo no mesmo, fai que exista unha acumulación de usuarios que cumpren os requisitos para acollerse ao servizo de axuda a domicilio de libre concorrencia, sen valoración de grao dependente, que precisan das atencións básicas cubertas a través deste servizo con carácter de urxencia.

O artigo 3 do Real Decreto-lei 20/2011, de 30 de decembro de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, establece con respecto as contratacións laborais temporais o que se indica: *“Dos. Durante el año 2012 no se procederá a la contratación de personal temporal, ni al nombramiento de personal estatutario temporal o de funcionarios interinos salvo en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables que se restringirán a los sectores, funciones y categorías profesionales que se consideren prioritarios o que afecten al funcionamiento de los servicios públicos esenciales.”*

No suposto que nos ocupa, a lista de beneficiarios do servizo de axuda a domicilio do Concello de Foz, que se pode considerar un servizo de carácter básico e obrigatorio na súa prestación que cubre necesidades elementais dos usuarios segundo o recollido na Lei 13/2008, de 3 de decembro de Servizos sociais de Galicia e a Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, e a falta de persoal que dea cobertura ao servizo na plantilla do concello que se agrava debido a xubilación dunha auxiliar de axuda a domicilio que se atopaba en activo, fai necesario excepcionar para este suposto concreto as medidas de redución do déficit que establece o Real Decreto Lei. A maior abundamento, existe crédito adecuado e



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

suficiente para o financiamento da praza que se convoca sen interferir no déficit público que a norma pretende evitar coas medidas excepcionais que tipifica.

A duración do contrato será conforme ao establecido no artigo 15.1.b) do Estatuto dos traballadores de **6 meses**.

O contrato formalizarase cun período de proba de 1 mes conforme ao establecido no Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo.

Clasificación da praza: Auxiliar de Axuda a domicilio. Persoal laboral temporal concello de Foz.

Dotación Económica: As retribucións asignadas ó posto de traballo se establecen no cadro de persoal e relación de postos de traballo do persoal ó servizo do concello de Foz.

Requisitos esixidos: Os aspirantes deberán reunir o seguinte requisito en canto á titulación:

- Titulación de Graduado en ESO ou titulación homologable, segundo o que establece a Orde EDU/1603/2009, de 10 de xuño:

- A equivalencia de estudos parciais de Bacharelato Unificado e Polivalente (BUP) da Lei 14/1970, de 4 de agosto, co título de Graduado en ESO a todos os efectos, sempre que se acredite ter un máximo de dúas materias pendentes no conxunto dos dous primeiros cursos de BUP.
- A equivalencia ao título de Graduado en (ESO), aos únicos efectos de acceso a empregos públicos e privados, entre outros, os títulos de Bacharelato Elemental derivados dos plans de estudos anteriores á Lei 14/1970, de 4 de agosto.
- Que o Certificado de Estudos Primarios expedido con anterioridade á finalización do curso 1975/76, será equivalente ao título de Graduado en ESO, aos únicos efectos de acceso a empregos públicos e privados,

As auxiliares que non teñan titulación de Graduado en ESO, nin outra titulación que sexa homologable, como establece a Orde EDU/1603/2009, de 10 de xuño arriba mencionada deben; para facer o curso de formación en atención sociosanitaria, aprobar as probas en competencias clave, estas competencias clave para adquisición do título de " Técnico en atención sociosanitaria" son: lingua castelá, lingua galega e matemáticas.

O acceso á formación requirida para o exercicio da profesión de auxiliar de SAF, ten dúas vías:



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

1) Facer a formación correspondente, como se establece no R.Decreto: 496/2003, que establece o título de Técnico en atención socio-sanitaria, para o cal hai que ter ESO ou equivalente ou ter superado as probas de competencias clave.

.-Título de “FP de 2º grao de atención sociosanitaria”

.- Título de formación en “atención sociosanitaria a persoas no domicilio”- 600 horas.

.-Os títulos de auxiliar técnico sanitario (ATS, enfermería, etc...), e outros da rama sanitaria (xerontoloxía, etc..), solo son validos para traballar en institucións; pero non para traballar en domicilios particulares.

2) Por homologación de experiencia laboral ou aprendizaxes non formais, para o cal hai que ter unha experiencia en coidados de un mínimo de 3 anos, para cuxa comprobación hai que presentar certificado de vida laboral, con 2.000 horas realizadas dentro dos últimos 10 anos ou 300 horas de formación. De todos xeitos hai unha excepción para casos de persoas maiores de 25 anos que non podan xustificar esa experiencia laboral con certificado, este é por exemplo o caso de coidadoras de familiares, que presentarán xustificantes que serán valorados, no seu momento, por unha comisión nomeada ao efecto.

- Dispoñibilidade para viaxar dentro do termo municipal. Vehículo propio e carné de conducir

Procedemento de selección: concurso-oposición.

2ª.- COMETIDOS FUNCIONAIS.

O cometido funcional desta praza e do posto respectivo, corresponderase coas propias da mesma, sendo fundamentalmente as súas funcións as de actuar na axuda a domicilio dos usuarios perceptores do servizo. A organización do posto de traballo estará adscrito e dependente dos Servizos Sociais Municipais.

3ª.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.

Para tomar parte no concurso será necesario cumprí-las condicións seguintes:

- a) **Idade:** Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

b) **Nacionalidade:** Ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado, ao que en virtude dos tratados internacionais celebradas pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, a/o cónxuxe das persoas de nacionalidade española ou dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así o preveza o correspondente tratado, e as nacionais dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as, sempre que non estean separadas de dereito, así como ás/aos descendentes de ámbolos cónxuxes, de menos de vinte e un anos ou maiores desta idade que vivan ás súas expensas.

c) **Capacidade:** Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

d) **Habilitación:** Non estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os/as aspirantes que non tiveran a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

e) **Titulación:** - Titulación de Graduado en ESO ou titulación homologable, segundo o que establece a Orde EDU/1603/2009, de 10 de xuño:

- A equivalencia de estudos parciais de Bacharelato Unificado e Polivalente (BUP) da Lei 14/1970, de 4 de agosto, co título de Graduado en ESO a todos os efectos, sempre que se acredite ter un máximo de dúas materias pendentes no conxunto dos dous primeiros cursos de BUP.
- A equivalencia ao título de Graduado en (ESO), aos únicos efectos de acceso a empregos públicos e privados, entre outros, os títulos de Bacharelato Elemental derivados dos plans de estudos anteriores á Lei 14/1970, de 4 de agosto.
- Que o Certificado de Estudos Primarios expedido con anterioridade á finalización do curso 1975/76, será equivalente ao título de Graduado en ESO, aos únicos efectos de acceso a empregos públicos e privados,

As auxiliares que non teñan titulación de Graduado en ESO, nin outra titulación que sexa



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

homologable, como establece a Orde EDU/1603/2009, de 10 de xuño arriba mencionada deben; para facer o curso de formación en atención sociosanitaria, aprobar as probas en competencias clave, estas competencias clave para adquisición do título de " Técnico en atención sociosanitaria" son: lingua castelá, lingua galega e matemáticas.

O acceso á formación requirida para o exercicio da profesión de auxiliar de SAF, ten dúas vías:

1) Facer a formación correspondente, como se establece no R.Decreto: 496/2003, que establece o título de Técnico en atención socio-sanitaria, para o cal hai que ter ESO ou equivalente ou ter superado as probas de competencias clave.

.-Título de " FP de 2º grao de atención sociosanitaria"

.- Título de formación en "atención sociosanitaria a persoas no domicilio"- 600 horas.

.-Os títulos de auxiliar técnico sanitario (ATS, enfermía, etc...), e outros da rama sanitaria (xerontoloxía, etc..), solo son validos para traballar en institucións; pero non para traballar en domicilios particulares.

2) Por homologación de experiencia laboral ou aprendizaxes non formais, para o cal hai que ter unha experiencia en coidados de un mínimo de 3 anos, para cuxa comprobación hai que presentar certificado de vida laboral, con 2.000 horas realizadas dentro dos últimos 10 anos ou 300 horas de formación. De todos xeitos hai unha excepción para casos de persoas maiores de 25 anos que non podan xustificar esa experiencia laboral con certificado, este é por exemplo o caso de coidadoras de familiares, que presentarán xustificantes que serán valorados, no seu momento, por unha comisión nomeada ao efecto.

- Dispoñibilidade para viaxar dentro do termo municipal. Vehículo propio e carné de conducir

Tódolos requisitos relacionados con anterioridade posuiranse polo aspirante no momento de remata-lo prazo de presentación de instancias, debendo de continuar en posesión dos mesmos ata o momento de formalización do contrato.

4ª.- INSTANCIAS.

4.1.- Os que desexen formar parte no concurso-oposición, deberán presentar solicitude no modelo oficial que se lles facilitará nas dependencias administrativas do Concello de Foz, dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente ou por medio dos restantes medios admitidos legalmente.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

4.2.- Para ser admitido ó concurso-oposición, bastará con que os aspirantes manifesten na súa solicitude de participación, que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na Base 3ª, referidas sempre á data de expiración do prazo de presentación de instancias.

A autoridade convocante, por si ou a proposta do Tribunal, deberá dar conta ós órganos competentes das inexactitudes ou falsidades en que puidesen incorre-los aspirantes, para os efectos procedentes.

4.3.- Coas instancias deberanse acompañar tódolos documentos xustificativos dos méritos alegados conforme ó Baremo que figura na convocatoria. A falta de acreditación dos méritos alegados, determinará a imposibilidade de valoración dos mesmos.

4.4.- O prazo de presentación de instancias será de 10 días naturais, contados a partir do seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria nun dos diarios de maior tirada da provincia.

4.5.- As instancias presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Foz, ou ben nos lugares e na forma que determina o artigo 38 da Lei 30/92, de 26 de Novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e o Procedemento Administrativo Común.

Deberá de axuntarse a seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I.
- Xustificante da titulación esixida (copia autenticada do título académico).
- Documentación xustificativa da fase de concurso.

- Copia compulsada do resgardo que xustifique o pago ao Concello de Foz na conta do BBVA 01820626200000001285, da cantidade correspondente para cada proceso selectivo segundo a ordenanza reguladora da taxa de expedición de documentos do Concello, en concepto de dereitos de exame, cantidade que unicamente será devolta se o aspirante resultase excluído por falta dos requisitos esixidos para tomar parte na convocatoria. A non presentación e pago da taxa por dereitos de participación nos procesos selectivos dentro do prazo de presentación de instancias, non poderá ser obxecto de subsanación, determinando a exclusión do aspirante, quedando da seguinte maneira:

--Posto de traballo grupo IV: 15 €

4.6.- Os erros materiais ou de feito e os aritméticos que se puidesen advertir, poderanse rectificar en calquera momento, de oficio ou petición do interesado.

5ª.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

5.1.- Rematado o prazo de presentación de instancias, o Sr. Alcalde-Presidente, ditará



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos, así como a de excluídos xuntamente coas causas que motivaron a exclusión.

Esta resolución publicarase no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello de Foz.

5.2.- No caso de que houbera candidatos excluídos que tiveran defectos subsanables na súa solicitude, perante o prazo de tres días, de conformidade co previsto no art. 71 da Lei 30/92, de 26 de novembro, poderanse corrixi-los defectos a que se alude no referido artigo, e formula-las reclamacións ás listas provisionais. De non presenta-la solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

5.3.- Se non presentasen reclamacións á lista provisional, ou non houbera ningún candidato excluído ou con deficiencias na súa instancia, considerarase a lista inicialmente aprobada como definitiva.

5.4.- No suposto de existir reclamacións, estas serán aceptadas ou rexeitadas na mesma resolución do Sr. Presidente, pola que se aprobe a lista definitiva dos admitidos e excluídos, a cal se fará pública na mesma forma exposta con anterioridade.

6ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

6.1.- O Tribunal Cualificador, estará constituído da forma que se estableza na Resolución de Alcaldía que ao efecto dítese por ser este o órgano competente.

6.2.- Os vocais deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ós esixidos para acceso á praza convocada.

6.3.- Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 29 da citada norma.

6.4.- O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros.

6.5.- O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

méritos, así como adopta-las medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso-oposición en todo o que non estea previsto nas Bases.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 30/92, de 26 de novembro, xa citada.

6.6.- O Tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas cando as circunstancias ou a valoración dos méritos así o aconselle.

6.7.- Os membros do Tribunal así como de se-lo caso, os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ó pagamento de asistencias na contía regulamentariamente establecida.

6.8.- A Resolución que conteña a composición do Tribunal e a data, hora e lugar en que se procederá á valoración de méritos, publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello de Foz.

7ª.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección será o de concurso-oposición.

FASE DE CONCURSO:

A fase de méritos dos aspirantes, valoraranse de acordo co baremo establecido no apartado seguinte. A puntuación máxima que se poderá obter será de 4,5 puntos. Non será eliminatorio non obter ningún punto na fase de concurso e a puntuación obtida será sumada á acadada na fase de oposición.

Os méritos a que se fai referencia neste Baremo, deberanse posuír na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata dita data, sendo valorados así mesmo, só os que se aleguen e xustifiquen documentalmente coa presentación da instancia.

7.1. VALORACIÓN DE MÉRITOS

7.1.1.- EXPERIENCIA PROFESIONAL:

A) Por experiencia profesional no desenvolvemento de tarefas ó servizo dunha Administración Pública como auxiliar de axuda a domicilio ata un máximo de 2,00



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

puntos. Valorarase a razón de 0,15 puntos por ano completo de servizos, valorándose as fraccións inferiores a razón de 0,0125 puntos por mes.

- B) Por experiencia profesional no desenvolvemento de tarefas ó servizo dunha Administración Pública ou empresa privada en tarefas relacionadas co contido da praza ata un máximo de 0,55 puntos. Valorarase a razón de 0,12 puntos por ano completo de servizos, valorándose as fraccións inferiores a razón de 0,01 puntos por mes.

A xustificación deste apartado farase ca presentación de Informe de vida laboral complementado con contratos de traballo ou informe/certificado da Entidade contratante.

7.1.2.- ASISTENCIA A ACTIVIDADES FORMATIVAS.

Por participación en cursos, xornadas ou seminarios, impartidos por centros de formación dependentes de Organismos Oficiais ou calquera outra Escola de Administración pública, FEGAMP, FEMP, Universidades ou outras Entidades Públicas Territoriais, relacionados co posto a desempeñar, ata un máximo de 1,20 puntos. Valorarase a razón de:

- a) Cursos de 21 a 50 horas: 0,15 puntos por curso.
- b) Cursos de 51 a 100 horas: 0,30 punto por curso.
- c) Cursos de mais de 100 horas: 0,60 puntos por curso.
- d) Xornadas ou seminarios: 0,03 puntos por cada un.

Este apartado xustificarse mediante diploma ou certificación da asistencia, orixinal ou copia compulsada.

7.1.3.- POLO COÑECEMENTO ACREDITADO DO IDIOMA GALEGO.

Neste apartado valorarase o coñecemento do idioma galego con unha puntuación máxima de 0,75 puntos.

- Por estar en posesión do título de linguaxe administrativa superior: 0,75 puntos.
- Por estar en posesión do título de linguaxe administrativa media: 0,55 puntos.
- Por estar en posesión do título de perfeccionamento, a súa validación, ou o Celga 4: 0,40 puntos.
- Por estar en posesión do título de iniciación ou Celga 2: 0,20 puntos.

En caso de estar en posesión de distintas titulacións, valorarase unicamente o nivel máis alto de formación.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

No caso de non posuir a lo menos o certificado Celga 2 ou equivalente por algún/ha dos candidatos, desenvolverase unha proba para acreditar o coñecemento do galego, a criterio dos membros do tribunal na forma de desenvolvemento da mesma.

A puntuación obtida nesta fase será computada na valoración final dos aspirantes que superaran a fase de oposición.

FASE DE OPOSICIÓN:

Celebrarase nunha soa xornada previa convocatoria efectuada por medio de Resolución de Alcaldía e se puntuará como máximo en 10 puntos:

1.- Consistirá no desenvolvemento nun tempo máximo de unha hora de un cuestionario de dez preguntas tipo test con tres respostas posibles, determinadas polo Tribunal relacionadas cas funcións a desempeñar polo Auxiliar de Axuda a domicilio, seleccionadas de entre os temas establecidos no ANEXO I como materias específicas. Máximo 10 puntos.

O Tribunal determinará o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar a puntuación mínima.

2.- Coñecemento do galego: No caso de non posuir a lo menos o certificado Celga 2 ou equivalente por algún/ha dos candidatos, desenvolverase unha proba para acreditar o coñecemento do galego, a criterio dos membros do tribunal na forma de desenvolvemento da mesma.

8ª.- LISTA DE APROBADOS.

8.1.- Rematada a valoración dos aspirantes, o Tribunal publicará no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello de Foz, a relación dos mesmos por orden da puntuación obtida, coa indicación dos nomes e apelidos, co correspondente D.N.I., dos candidatos.

8.2.- O Tribunal elevará a proposta, ademais da acta da derradeira sesión, ó Sr. Alcalde para que proceda á formalización do contrato.

8.3.- O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron a selección un número superior de concursantes ó da praza convocada. Calquera proposta de aprobados que contraveña ó anteriormente establecido será nula de pleno dereito.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

9ª.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

9.1.- O aspirante seleccionado, no prazo de cinco días naturais contados dende o día seguinte a aquel no que se fixese pública a lista de aprobados, deberá presentar na Secretaría do concello os seguintes documentos, agás os que xa obren no expediente:

a) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse co orixinal para a súa compulsa, do D.N.I.

b) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse acompañada do orixinal para a súa compulsa, do título acreditativo da formación esixida.

c) Certificado negativo do Rexistro Central de Penados e Rebeldes, xustificativo de non haber sido condenado a penas que inhabiliten para o exercicio de funcións públicas. Este certificado deberase expedir con referencia ós tres meses anteriores a que remate do prazo sinalado na base 11.1.

d) Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto de traballo.

e) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non haber sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións Públicas, nen se atopar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

f) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.

9.2.- Os que tivesen a condición de funcionarios públicos ou persoal laboral, estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa amosados para obte-lo seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación do Ministerio ou organismo do que dependerán para acreditar tal condición.

9.3.- Os que dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida, non poderán ser contratados, sen prexuízo da responsabilidade en que houberen podido incorrer por falsidade dimanante da solicitude para participar no concurso-oposición.

10ª.- AQUISICIÓN DA CONDICIÓN DE PERSOAL LABORAL.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Polo Sr. Alcalde do concello de Foz, formalizárase o contrato co aspirante que, incluído na proposta de candidatos formulada polo Tribunal, presentase a documentación esixida na convocatoria. Ata que se formalice o mesmo e se incorpore ó posto de traballo correspondente, o aspirante non terá dereito a percepción económica algunha.

11ª.- INCIDENCIAS.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presentaren e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo canto non estea previsto nestas bases.

12ª.- LEXISLACIÓN.

En todo o non previsto nestas bases, serán de aplicación ás probas selectivas as seguintes disposicións: Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público; Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de función pública de Galicia; Lei 5/1997, de 22 de xuño, da Administración Local de Galicia. Serán tamén de aplicación o R.D. 364/1995, de 10 de marzo, Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; o Real Decreto Lexislativo 1/95, de 24 de marzo, de Estatuto de Traballadores e a Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e o Procedemento Administrativo Común e tódalas demais normas de xeral aplicación para estes supostos.

13ª.- NORMA FINAL.

As presentes bases, así como cantas actas administrativas se deriven dela e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

ANEXO I

TEMA 1.- A CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA DE 1978: DEREITOS FUNDAMENTAIS E LIBERDADES PÚBLICAS. A COROA. AS CORTES XERAIS. O GOBERNO. A COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

TEMA 2.- O RÉXIME LOCAL ESPAÑOL: PRINCIPIOS CONSTITUCIONAIS. AS ENTIDADES LOCAIS. O MUNICIPIO. POBOACIÓN E TERMO MUNICIPAL. ORGANIZACIÓN E COMPETENCIAS.

TEMA 3.- O MUNICIPIO DE FOZ: POBOACIÓN E TERMO MUNICIPAL

TEMA 4.- ORGANIZACIÓN MUNICIPAL ESPECÍFICA NO CONCELLO DE FOZ: PLENO, ALCALDE E XUNTA DE GOBERNO LOCAL, TENENTES DE ALCALDE E CONCELEIROS DELEGADOS E COMISIÓNS DO PLENO E OUTROS ÓRGANOS COMPLEMENTARIOS.

TEMA 5. A AXUDA NO FOGAR. DEFINIÇÃO E FINALIDADE. BENEFICIARIOS. CARACTERÍSTICAS E OBXECTIVOS DA PRESTACIÓN DA AXUDA NO FOGAR

TEMA 6. ACTUACIÓNS BÁSICAS DA PRESTACIÓN DA AXUDA NO FOGAR: A) ACTUACIÓNS DE CARÁCTER DOMÉSTICO. B) ACTUACIÓNS DE CARÁCTER PERSOAL. C) ACTUACIÓNS DE CARÁCTER EDUCATIVO E PSICOSOCIAL.

TEMA 7. FUNCIÓNS DA/O AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR. CÓDIGO DEONTOLÓXICO DO AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO.

TEMA 8. DEREITOS E DEBERES DOS USUARIOS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE FOZ

TEMA 9. O PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. DEREITOS E DEBERES DOS EMPREGADOS PÚBLICOS.

TEMA 10. A ORDE DO 22 DE XANEIRO DE 2009 DA XUNTA DE GALICIA POLA QUE SE REGULA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. O REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE FOZ.

TEMA 11.- A ALIMENTACIÓN: CONCEPTOS XERAIS. DIETA SANA. ADECUACIÓN Á PERSONA. CONFECCIÓN DUNHA DIETA SANA. HIXIENE PERSOAL. PREVENCIÓN DE ACCIDENTES NO FOGAR E NO ENTORNO.

TEMA 12.- RECURSOS COMUNITARIOS DE PREVENCIÓN, OCIO, CULTURA Y PARTICIPACIÓN PARA LA TERCERA EDAD: ATENCIÓN INSTITUCIONALIZADA Y NO INSTITUCIONALIZADA, ALTERNATIVAS DE ATENCIÓN INTEGRAL.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

TEMA 13 .- PLAN DE CUIDADOS BÁSICOS EN LA TERCERA EDAD, INFANCIA Y DISCAPACITADOS. MOVILIZACIÓN Y TRANSFERENCIAS CORPORALES. ENFERMEDADES MÁS FRECUENTES EN LA TERCERA EDAD Y PRIMEROS AUXILIOS. PREVENCIÓN DE INFECCIONES.


TEMA 14.- LIMPIEZA Y MANTENIMIENTO DEL HOGAR. DESINFECCIÓN Y ESTERILIZACIÓN DE MATERIALES Y UTENSILIOS. BUENAS PRÁCTICAS AMBIENTALES EN LA AYUDA A DOMICILIO.

TEMA 15.- LA LEY 39/2006, DE 14 DE DICIEMBRE DE PROMOCIÓN DE LA AUTONOMÍA PERSONAL Y ATENCIÓN A LAS PERSONAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA: FINALIDAD, PRESTACIONES Y CATALOGO DE SERVICIOS. VALORACIÓN: GRADOS Y NIVELES DE DEPENDENCIA. PROCEDIMIENTO DEL DERECHO.

Foz, 13 de xaneiro de 2012

O Sr. Alcalde-Presidente

Asdo.: Javier Jorge Castiñeira.





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

MODELO DE INSTANCIA

D./Dona _____ con DNI
nº _____, con enderezo en _____,
C.P. _____ e teléfono de contacto _____

EXPÓN:

Que tendo coñecemento da Convocatoria do proceso selectivo de
_____ praza (s) de
_____ mediante concurso-oposición.

E declarando explicitamente coñecer e aceptar as Bases reguladoras da Convocatoria, cumprindo os requisitos necesarios de acceso da Base 3ª e autorizando ao Concello á utilización dos datos de carácter persoal para facer efectiva a publicidade das actuacións no proceso selectivo conforme á Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Aportase a tal efecto a seguinte documentación: (marcar cunha X)

- Fotocopia autenticada do D.N.I.
- Xustificante da titulación esixida (copia autenticada do título académico)
- Documentación xustificativa da fase de concurso
- Taxas dereito de exame

SOLICITA

Sexa admitida esta Instancia para participar no proceso selectivo referido.

Data, D.N.I. e sinatura do/a aspirante.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FOZ